

Si el reintegro, la compensación o la solicitud de fraccionamiento o aplazamiento se realizase con posterioridad a la finalización del plazo de 30 días reglamentarios la cantidad adeudada se incrementará, de acuerdo con lo establecido en el nº 2 del art.27 del Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social, con recargo del 20% a partir del primer mes posterior al período del pago reglamentario.

Transcurrido el plazo reglamentario de pago voluntario sin que se haya producido el reintegro ni se haya compensado la deuda, se emitirá la correspondiente certificación de descubierto por la que se iniciará la vía de apremio, según lo dispuesto en el art. 33.2 del Real Decreto 625/85, de 2 de abril.

Contra esta resolución, conforme a lo previsto en el artículo 71 de la Ley 36/2011 de 10 de Octubre, reguladora de la Jurisdicción Social (BOE de 11 de Octubre de 2011), podrá interponer, ante esta Dirección Provincial, reclamación previa a la vía jurisdiccional social dentro del plazo de 30 días hábiles siguientes a la fecha de publicación de la presente resolución.

RELACIÓN DE RESOLUCIONES DE COBROS INDEBIDOS DE PRESTACIONES POR DESEMPLEO:

	<i>Apellidos y nombre</i>	<i>D.N.I.</i>
Oficina de Prestaciones de Redondela	FRANCISCO SOBRADO CORRALES	52457684C
Redondela, 27 de mayo de 2014.—El/la director/a de la Oficina de Redondela, J. Arturo San Martín Moreno.		2014004765

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO

Servizo de Traballo e Economía Social

CONVENIO O ACORDO:

**AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, SA – FCC, SA,
REDONDELA U.T.E. PARA OS ANOS 2012, 2013, 2014 E 2015**

Código de Convenio número 36002632011995

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do convenio colectivo para os traballadores do servizo de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Redondela adscritos ás empresas AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, SA y FCC, SA (REDONDELA-UTE), subscrito en representación da parte económica, por unha representación das empresas, e da parte social polo delegado de persoal, en data 19 de decembro de 2013.

Primeiro.—Dito Convenio foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 28 de abril de 2014.

Segundo.—Que no mesmo non se aprecia nengunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuizo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.—Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.— Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.— Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.— Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

**CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO DA ENTIDADE AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA,
S.A. – F.C.C., S.A. REDONDELA U.T.E. PARA OS ANOS 2012, 2013, 2014 E 2015**

ARTIGO 1.—ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente Convenio Colectivo será de aplicación a todo o persoal da empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. y Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. Unión Temporal de Empresas, Ley 18/82 de 26 de mayo (REDONDELA U.T.E.), concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga de Redondela.

ARTIGO 2.—ÁMBITO TEMPORAL.

Este convenio entrará en vigor o primeiro de xaneiro de 2012 independentemente da data da súa publicación. Terá unha vixencia de catro anos, que rematará o 31 de decembro do 2015.

ARTIGO 3.—DENUNCIA.

Ambas as partes consideran automaticamente denunciado este convenio ao final da súa vixencia, 31 de decembro de 2015, comprometéndose a iniciar a negociación do próximo convenio un mes antes da finalización da vixencia do actual.

ARTIGO 4.—CONCEPTOS RETRIBUTIVOS.

As retribucións de cada traballador estarán compostas polo salario base de convenio e os complementos que para cada actividade e grupo profesional e nivel se determinan no articulado do convenio.

O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo interesado.

ARTIGO 5.—SALARIO BASE.

As retribucións en concepto de salario base para os anos 2012, 2013, 2014 e 2015 serán as establecidas nas táboas anexas ao presente convenio colectivo.

ARTIGO 6.—ANTIGÜIDADE.

Todos os traballadores afectados por este convenio percibirán en concepto de antigüidade as cantidades establecidas na táboa anexa.

A data de partida dos premios será a do primeiro de xaneiro ou a do primeiro de xullo, segundo que o ingreso na empresa se producise o primeiro ou segundo semestre do ano.

ARTIGO 7.—COMPLEMENTO DE POSTO DE TRABALLO.

O persoal acollido a este convenio percibirá por este concepto, o quince por cento (15%) do importe dos salarios fixados na táboa anexa.

O complemento de posto de traballo percibirase mensualmente.

Este concepto salarial substitúe ao concepto salarial participación en beneficios establecido no convenio colectivo anterior.

ARTIGO 8.—GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS.

O persoal comprendido neste convenio, percibirá catro pagas extraordinarias de devengo trimestral, por importe cada unha delas dunha mensuralidade, calculada sobre o salario base máis a antigüidade, que serán efectivas o 31 de marzo, o 30 de xuño, o 30 de setembro e o 22 de decembro.

O cómputo efectuarase do seguinte modo:

TRIMESTRE	ABONO
Xaneiro, Febreiro, Marzo	Marzo
Abril, Maio, Xuño	Xuño
Xullo, Agosto, Setembro	Setembro
Outubro, Novembro, Decembro	Decembro

O persoal de novo ingreso, ou que cese durante o primeiro semestre do ano, percibirá unicamente a parte proporcional das pagas extraordinarias de marzo e xuño, que corresponda ao tempo efectivamente traballado. Idéntico criterio se aplicará para o persoal que ingrese ou cese na Empresa no segundo semestre do ano, respecto das pagas extraordinarias de Setembro e Decembro.

ARTIGO 9.—COMPLEMENTO DE TOXICIDADE.

O complemento por traballos tóxicos fíxase nos importes das táboas salariais anexas por mes efectivamente traballado.

Aplicarase cando se efectúen cambios de contedores ou botellas de cloro ou reparen avarías nos aparellos de dosificación, ao persoal implicado nos ditos traballos, así como a todos aqueles traballadores que nun momento determinado efectúen traballos no abastecemento ou saneamento e depuración de auga con posibilidade de existencia de toxicidade.

ARTIGO 10.—PLUS DE CONVENIO.

Todos os traballadores incluídos neste convenio percibirán un plus de convenio, que terá carácter de complemento salarial e o importe mensual será o establecido nas táboas anexas.

ARTIGO 11.—QUEBRANTAMENTO DE MOEDA.

A empresa non exime da obriga de repoñer posibles perdas de diñeiro aqueles traballadores cuxa función leve implícito o manexo do diñeiro.

Non obstante, como compensación do anterior, aboaráselle a cada un destes traballadores durante a vixencia do convenio a cantidade de sesenta e cinco euros (65,00 euros) por mes efectivamente traballado.

ARTIGO 12.—HORAS EXTRAORDINARIAS.

Poderanse realizar as horas extraordinarias estruturais necesarias por acumulación de tarefas, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural, por causa da natureza do traballo que se vaia executar.

O valor das horas extraordinarias é o fixado na táboa anexa.

ARTIGO 13.—QUILOMETRAXE E DIETAS.

Todo traballador que utilice o vehículo da súa propiedade por conta da empresa, percibirá a cantidade de vinte e sete céntimos de euros por kilómetro (0,27 euros/Km). Será necesaria a aprobación do gasto por parte do responsable correspondente.

Ao traballador que, por necesidade da empresa, teña que xantar ou cear fora do seu domicilio dentro do termo municipal do centro de traballo, aboaráselle a cantidade de quince euros con cincuenta (15,50 euros) por cada dieta que se vexa obrigado a realizar.

Enténdese que as melloras pactadas serán de aplicación a partir da data da sinatura do convenio colectivo.

ARTIGO 14.—PERSONAL DE GARDA SEMANAL. DISPOÑIBILIDADE E RETÉN DÍAS NON LABORAIS.

Dispoñibilidade personal de rede

- Ao principio de cada semana (luns) entrará de dispoñibilidade unha parella de mantemento de rede para atender as tarefas respectivas, prolongándose a dispoñibilidade ata o luns seguinte.
- As labores de vixilancia, reparación e mantemento comezarán unha vez finalizada a xornada laboral ordinaria.
- Os traballadores de dispoñibilidade portarán durante a semana un buscapersoas (teléfono móbil ou calquera outro medio técnico) fora do horario laboral, onde recibirán todos os avisos das situacións que se produzan nos equipos do Servizo, debendo acudir coa debida prestancia aos devanditos avisos.
- As dispoñibilidades, de acordo co descrito serán obrigatorias e rotativas entre todo o persoal de mantemento de rede, agás o oficial primeira.
- A retribución semanal para cada traballador por este concepto será o establecido nas táboas anexas.

Dispoñibilidade e mantemento persoal de equipos

- Ao principio de cada semana (luns) entrará de dispoñibilidade/mantemento un traballador de equipos, prolongándose a dispoñibilidade ata o luns seguinte.
- Os labores de reparación e mantemento comezarán unha vez finalizada a xornada laboral ordinaria.
- O traballador de dispoñibilidade/mantemento portará durante a semana un buscapersoas (teléfono móbil ou calquera outro medio técnico) fora do horario laboral, onde recibirá todos os avisos das situacións anómalas que se produzan no Servizo, debendo acudir coa debida prestancia aos devanditos avisos.
- A dispoñibilidade/mantemento, de acordo co descrito será obrigatoria e rotativa entre todo o persoal de equipos.
- A retribución semanal para cada traballador por este concepto será o establecido nas táboas anexas.
- Os días non laborables o traballador permanecerá nas dependencias do Servizo, por espazo de catro horas pola mañá. Os horarios e tarefas a desempeñar serán fixados pola xefatura do Servizo.
- A retribución por este concepto para cada día de garda será o establecido nas táboas anexas.
- O traballador que permanecese en dispoñibilidade nas dependencias do Servizo, disfrutará de descanso polo mesmo tempo traballado, na semana posterior a esta. As horas efectivamente traballadas fora da xornada normal e dos horarios de dispoñibilidades, retribuiranse como horas extraordinarias.

ARTIGO 15.—COMPLEMENTO DE CALIDADE.

Os peóns especialistas e os lectores percibirán un complemento de calidade en función da actividade da empresa dentro ou fora do termo municipal e das condicións en que se preste o traballo, segundo o criterio da xefatura do servizo.

A retribución por mes por este concepto será o establecido nas táboas anexas.

ARTIGO 16. – XORNADA DE TRABALLO.

A xornada de traballo para toda a vixencia do convenio será de mil setecentas cincuenta e dúas (1.752) horas anuais, e de 40 horas semanais distribuídas segundo o seguinte horario:

- De luns a venres de 9 a 14 horas y de 16 a 19 horas.
- Do 16 de xuño ao 15 de setembro: de luns a venres de 7,00 h. a 15,00 h.
- Os días de Noiteboa (24 de decembro) e Fin de ano (31 de decembro) serán días non laborables.
- Adaptarase a xornada resultante destes horarios ó cómputo anual establecido.

ARTIGO 17. – VACACIÓNS.

Todos os traballadores terán dereito a un período de vacacións anuais de trinta días naturais, que se disfrutarán preferentemente no período comprendido entre o primeiro de abril e o 31 de outubro, quedando excluído o seu disfrute nos meses de xornada intensiva.

Para o disfrute das vacacións fixarase un calendario rotativo dentro de cada servizo, en función do período de disfrute previsto, que garanta que ningún traballador poda verse discriminado. Sen embargo, o calendario definitivo recollerá aquelas modificacións propostas polos traballadores, e libremente pactadas entre eles, sempre que non afecten significativamente ao servizo ou sección ao cal estean asignados.

A retribución en período de vacacións será: salario base, antigüidade, complemento de posto de traballo, plus de convenio e complemento de calidade.

Artigo 18.- Festas.

Terán consideración de festas, todas aquelas que regulamentariamente estean determinadas, tamén o día 1 de xuño, día da Patroa. Dito día cambiarase polo primeiro día laborable que sexa venres ou luns do mes de xuño.

Artigo 19.- Licenzas e permisos.

O traballador, logo do aviso e posterior xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e períodos seguintes:

- 15 Días naturais en caso de matrimonio.
- 4 Días naturais en caso de falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica de cónxuxe ou fillos/as.
- 2 Días naturais polo falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando con tal motivo o traballador ou traballadora necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo será de catro días.
- 3 Días naturais polo nacemento de fillo/a.
- 1 Día por traslado de domicilio.
- 1 Día por asuntos propios, previo aviso de 72 horas.

As licencias enténdense vinculadas ó feito causante, debéndose disfrutar ó producirse este.

En todos os supostos contemplados neste artigo, recoñecerase o dereito a licenza retribuída tanto aos matrimonios convencionais como ás parellas de feito legalmente rexistradas nos rexistros públicos creados ou que se poidan crear, para o efecto en calquera ámbito xeográfico ou, en defecto destes últimos, ás acreditadas mediante escritura pública notarial outorgada conxuntamente, debéndose demostrar de forma fidedigna ante a empresa os requisitos establecidos anteriormente para o correspondente disfrute da licenza.

ARTIGO 20.—ANTICIPOS REINTEGRABLES.

Todos os traballadores afectados polo convenio poderán solicitar, con cargo ao fondo establecido neste artigo, anticipos reintegrables que serán concedidos pola Dirección da U.T.E.

A forma de amortización será:

- Unha mensuralidade para amortizar en doce meses.
- Duas mensuralidades para amortizar en vintecatro meses.

Establécense mil cincocentos (1.500,00 €) como cantidade máxima a solicitar por anticipo e solicitante.

Terá prioridade para a concesión dos anticipos reintegrables aqueles traballadores que non o solicitasen nunca, ou que de facelo, deixaran transcorrer máis tempo dende o pago da última amortización.

A empresa destinará a dita finalidade a cantidade de nove mil euros (9.000,00 €).

Consideraranse incluídas no fondo de cada ano, as cantidades pendentes de reintegrar dos anticipos concedidos nos exercicios anteriores.

ARTIGO 21.—FONDO SOCIAL.

O importe do fondo social para axuda de estudos, cultura, deporte, turismo social, etc., será de douscentos cincuenta e cinco euros (255,00 euros) por traballador e ano.

A Dirección da Empresa aprobará os criterios e programas, vixiando a distribución e contía para aplicar en cada caso, por proposta do Delegado de Persoal.

Artigo 22.—Roupa de traballo.

Subministraránselle a todo o persoal as necesarias e habituais roupas de traballo, quedando determinada a súa entrega na forma seguinte:

- Camisa de manga curta: 2 ao ano.
- Camisa de manga longa: 2 ao ano.
- Pantalón: 2 ao ano.
- Calzado de seguridade: 1 par ao ano.
- Anorak: 1 cada dous anos.
- Chaqueta curta e pantalón: 2 ao ano.
- Xerse de inverno: 2 ao ano.
- Roupa de auga (cando o posto de traballo así o requira)
- Botas de seguridade: 1 par ao ano.
- Luvas de caucho: Segundo necesidades.
- Botas de auga: 1 par ao ano.
- Funda de traballo: 2 ao ano.
- Gorras: 2 ao ano.
- Toallas: 2 a ano.
- Chaleco: 2 ao ano

A utilización da roupa de traballo será obrigatoria durante a xornada laboral.

As datas de entrega serán aproximadamente a primeiro de outubro para a roupa de inverno e o primeiro de xuño para a roupa de verán.

ARTIGO 23.—SEGURO DE ACCIDENTES.

A empresa comprométese a subscribir unha póliza de accidentes de traballo que lle garante a cada traballador as seguintes indemnizacións:

No caso de falecemento por accidente de traballo ou enfermidade profesional: trinta e cinco mil euros (35.000,00 euros)

En caso de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional: trinta e cinco mil euros (35.000,00 euros).

ARTIGO 24.—SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.

A empresa aboaralles a todo os traballadores durante a situación de incapacidade temporal derivada de accidente de traballo e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do salario base, antigüidade, complemento posto de traballo, parte proporcional das pagas extras e plus de convenio.

De igual forma, complementarase ata o 100% do salario base, antigüidade, complemento posto de traballo, parte proporcional das pagas extras e plus de convenio, nos casos de hospitalización e mentres dure esta. A dita situación deberase acreditar fidelmente para xerar o dereito a este complemento.

ARTIGO 25.—RETIRADA DO PERMISO DE CONDUCIR.

No suposto de que a un traballador, con o seu cargo de condutor, realizando o seu cometido cun vehículo da empresa ou propio, e cumprindo a función que lle foi asignada, se lle retirase provisionalmente o permiso de conducir, a empresa acomodará a outro posto de traballo axeitado as súas facultades e respectarase a retribución da súa categoría profesional, durante un máximo de 2 anos. Ao remate da suspensión será reintegrado ao seu posto de traballo.

Estes beneficios non terán lugar cando a causa da retirada do permiso de conducir se deba a imprudencia temeraria, embriaguez, drogadicción ou cando exista reincidencia.

ARTIGO 26.—SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.

Será de aplicación o capítulo XII do IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013, e a lexislación vixente sobre seguridade e saúde laboral, e ámbalas dúas partes velarán polo seu estrito cumprimento.

ARTIGO 27.—AXUDA AO TRABALLADOR CON FILLO MINUSVÁLIDO.

Con independencia das asignacións con cargo á Seguridade Social, o traballador/a cun fillo/a minusválido total psíquico ou físico, a empresa aboará unha gratificación mensual de 145,00 euros previa presentación do certificado expedido polo Organismo Oficial competente.

Para o cobro deste concepto será preciso que se acredite de xeito fidedigno tal dereito, e que o afectado non traballe por conta propia ou allea, e que conviva co traballador/a

ARTIGO 28.—COTA SINDICAL.

A empresa, previa solicitude do interesado, efectuará as retencións pertinentes pola cota sindical.

ARTIGO 29.—COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO.

Para velar pola aplicación, cumprimento e interpretación do estipulado no presente convenio colectivo, créase unha comisión paritaria entre os suxeitos participantes na negociación que desembocou no presente convenio colectivo, formada por un membro en representación dos traballadores e outro membro en representación da empresa. Nón obstante, ambas as dúas partes, poderán designar, ocasional o permanentemente, asesores para cantas materias consideren oportuno.

A comisión reunirse con carácter ordinario, unha vez cada seis meses e con carácter extraordinario, cando unha das partes o solicite no prazo de 15 días, podendo proceder a convocar a mesma calquera das partes que a integran. Tamén reunirse para actualizar, provisional o definitivamente, as retribucións establecidas neste convenio.

Os acordos tomaranse por maioría. A comisión emitirá resolución, con acordo ou sen él, sobre as materias tratadas no prazo de dez días naturais contados a partires da data da xuntanza. De común acordo polas partes, e unha vez emitida a resolución sen acordo, as partes poderán someter as discrepancias producidas ao V Acordo Sobre Solución Autónoma de Conflictos Laborais (Sistema Extraxudicial).

As funcións da comisión paritaria non obstruirán en ningún caso o libre exercicio da xurisdicción competente de acordo con a normativa vixente.

ARTIGO 30.—CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

O sistema de clasificación profesional do persoal vinculado ao presente convenio colectivo será o do denominado IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013, e os convenios colectivos sectoriais estatales de xestión do auga que no futuro o sucedan.

Por todo iso, as partes acordaron a adscripción das categorías profesionais do persoal que presta os seus servizos na empresa co sistema de clasificación profesional do IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013.

ARTIGO 31.—RÉXIME DISCIPLINARIO.

Aos efectos do réxime disciplinario, aplicarase o IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013, actualmente en vigor, e posteriormente na futura regulación que a este respecto se estableza no convenio colectivo que o substitúan.

ARTIGO 32.—CLÁUSULA DE SUBROGACIÓN.

Estarase ao disposto na normativa sectorial establecida no IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013, e nos futuros convenios que o substitúan.

ARTIGO 33.—LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA.

En todo o non recollido no presente convenio, rexerese polo disposto no IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para el periodo 2011-2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013, sin supoñer ningún coste económico adicional ao pactado no presente convenio colectivo.

Convenio Colectivo de Traballo da Entidade
Aquilia Gestión Integral del Agua, S.A. - Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. Redondela.U.T.E.
para os anos 2012, 2013, 2014 y 2015
Táboa Salarial Definitiva - Ano 2012

GRUPO	NIVEL	POSTO DE TRABAJO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO POSTO DE TRABAJO	TOTAL MENSUALIDADE	GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA (MARZO, XUNO, SETEMBRO, DECEMBRO)	TOTAL ANUAL 2012	VALOR HORA EXTRA DIURNA HORA EXTRA NOCTURNA HORA EXTRA FESTIVA
4	9	Xefe de Servizo	1.402,251	137,501	210,341	1.750,091	1.402,251	26.610,051	21,001
2 - A	8	Oficial 1º (operario)	1.186,241	137,501	177,941	1.501,681	1.186,241	22.765,071	21,001
2 - B	7	Oficial 2º (operario)	1.153,331	137,501	173,311	1.470,801	1.153,331	22.287,141	21,001
2 - B	6	Oficial 2º Administrativo	1.134,981	137,501	170,251	1.442,731	1.134,981	21.652,641	21,001
2 - B	5	Oficial 3º (operario)	915,311	137,501	137,301	1.190,111	915,311	17.942,521	19,001
2 - B	4	Auxiliar administrativo	854,231	137,501	128,141	1.119,331	854,231	16.656,361	19,001
2 - B	3	Lector	854,231	137,501	128,141	1.119,331	854,231	16.656,361	19,001
1	2	Peón especialista	807,941	137,501	121,191	1.066,631	807,941	16.071,371	19,001
1	1	Peón	803,631	137,501	120,541	1.061,671	803,631	15.954,611	19,001
Artigo 6		Antigüidade Euroes ao mes	1bienio 10,221	2 bienios 20,441	2 bienios y 1 quinquenio 45,681	2 bienios y 2 quinquenios 72,121	2 bienios y 3 quinquenios 96,161	2 bienios y 4 quinquenios 120,201	
Artigo 9		Complemento de toxicidade	19,001 mensuais por mes efectivamente traballado						
Artigo 11		Quebrantamento de moeda	65,001 mensuais por mes efectivamente traballado						
Artigo 13		Quilometraxe	0,271 kilómetro						
Artigo 13		Dieta	15,501 por cada dieta						
Artigo 14		Disponibilidade personal de rede	115,001 semanais						
Artigo 14		Disponibilidade e mantemento persoal de equipos	115,001 semanais						
Artigo 14		Días non laborables	65,001 por día						
Artigo 15		Complemento de calidade	48,001 por mes						
Artigo 21		Fondo social	255,001 por traballador e ano						

Convenio Colectivo de Traballo da Entidade
Aquilia Gestión Integral del Agua, S.A. – Financiamiento Comunitario Contratas, S.A. Redondela U.T.E.
para os anos 2012, 2013, 2014 y 2015
Táboa Salarial Definitiva – Ano 2013

GRUPO	NIVEL	POSTO DE TRABALO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO POSTO DE TRABALO	TOTAL MENSUALIDADE	GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA (MAYO, JUNIO, SEPTIEMBRE, DICIEMBRE)	TOTAL ANUAL 2013	VALOR HORA EXTRAORDINARIA HORA EXTRA NOCTURNA HORA EXTRA FESTIVA
4	9	Xefe de Servizo	1.410,661	138,331	211,801	1.760,591	1.410,661	26.762,71	21,131
2 - A	8	Oficial 1º (operario)	1.193,361	138,331	179,001	1.510,691	1.193,361	22.907,77	21,131
2 - B	7	Oficial 2º (operario)	1.166,351	138,331	174,351	1.479,031	1.166,351	22.420,59	21,131
2 - B	6	Oficial 2º Administrativo	1.141,791	138,331	171,271	1.451,391	1.141,791	21.983,82	21,131
2 - B	5	Oficial 3º (operario)	920,801	138,331	138,121	1.197,251	920,801	18.056,20	21,131
2 - B	4	Auxiliar administrativo	859,421	138,331	128,911	1.126,681	859,421	16.957,64	19,111
2 - B	3	Lector	859,421	138,331	128,911	1.126,681	859,421	16.957,64	19,111
1	2	Peón especialista	812,791	138,331	121,921	1.073,041	812,791	16.127,62	19,111
1	1	Peón	806,451	138,331	121,271	1.066,051	806,451	16.056,37	19,111
Artigo 6		Antigüidade Euros meses	1 bienio 10,221	2 bienios 20,441	2 bienios y 1 quinquenio 45,661	2 bienios y 2 quinquenios 72,121	2 bienios y 3 quinquenios 96,161	2 bienios y 4 quinquenios 120,201	
Artigo 9		Complemento de toxicidade	13,111 mensuais por mes efectivamente traballado						
Artigo 11		Quebrantamento de moeda	65,001 mensuais por mes efectivamente traballado						
Artigo 13		Quilometraje	0,271 kilómetro						
		Dieta	15,501 por cada día						
Artigo 14		Disponibilidade personal de rede	115,681 semanais						
		Disponibilidade e mantemento persoal de equipos	115,681 semanais						
		Días non laborables	65,351 por día						
Artigo 15		Complemento de calidade	48,231 por mes						
Artigo 21		Fondo social	255,001 por traballador e ano						

**Convenio Colectivo de Trabajo da Entidade
Aquilla Gestión Integral del Agua, S.A. - Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. Redondela U.T.E.
para os anos 2012, 2013, 2014 y 2015
Táboa Salarial Definitiva - Ano 2014**

GRUPO	NIVEL	POSTO DE TRABAILLO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO POSTO DE TRABAILLO	TOTAL MENSUALIDADE	GRATIFICACION ANUAL (14/12/13/14/15/16/17/18/19/20/21/22/23/24/25/26/27/28/29/30/31)	TOTAL ANUAL 2014	VALOR HORAS EXTRAORDINARIAS HORAS EXTRAORDINARIAS HORAS EXTRAORDINARIAS
4	9	Xefe de Servizo	1.420,531	193,301	213,081	1.712,911	1.432,531	26.357,621	
2 - A	8	Oficial 1º (operario)	1.201,711	193,301	180,261	1.521,271	1.321,771	23.662,041	21,281
2 - B	7	Oficial 2º (operario)	1.174,511	193,301	176,181	1.468,991	1.174,571	22.377,661	21,281
2 - B	6	Oficial 2º Administrativo	1.143,781	193,301	172,471	1.461,551	1.143,781	22.137,621	21,281
2 - B	5	Oficial 3º (operario)	927,251	193,301	133,091	1.205,641	927,251	18.176,651	21,281
2 - B	4	Auxiliar administrativo	865,441	193,301	123,821	1.134,561	865,441	17.676,431	19,241
2 - B	3	Lector	865,441	193,301	123,821	1.134,561	865,441	17.676,431	19,241
1	2	Peón especialista	816,481	193,301	122,771	1.080,551	816,481	16.240,541	19,241
1	1	Peón	614,711	193,301	122,121	1.075,531	614,711	16.162,761	19,241
Artigo 6		Avilgiedade Euros ao mes	1,bienio 10,221	2,bienios 20,441	2,bienios y 1,quinquenio 45,681	2,bienios y 2,quinquenios 72,121	2,bienios y 3,quinquenios 96,181	2,bienios y 4,quinquenios 120,201	
Artigo 9		Complemento de toxicidade							
Artigo 11		Quebrantamento de moeda	19,241	mensuais por mes efectivamente traballado					
Artigo 13		Quilometraje	65,001	mensuais por mes efectivamente traballado					
		Dieta	0,271	idómeto 15,501 por cada día					
Artigo 14		Disponibilidade personal de rede	18,501	semanais					
		Disponibilidade e mantemento persoal de equipos	18,501	semanais					
		Días non laborables	65,851	por día					
Artigo 15		Complemento de calidade	48,631	por mes					
Artigo 21		Fondo social	255,001	por traballador e ano					

**Convenio Colectivo de Trabajo da Entidade
 Aquila Gestión Integral del Agua, S.A. para el suministro de Aguas
 para os anos 2012, 2013, 2014 y 2015**
Táboa Salarial Definitiva - Ano 2015

GRUPO	NIVEL	POSTO DE TRABAILLO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO POSTO DE TRABAILLO	TOTAL MENSUALIDADE	COMPENSACIÓN EXTRAORDINARIA (MARCHO, MAIO, SEPTEMBRO, DECEMBER)	TOTAL ANUAL 2015	VALOR HORAS EXTRAORDINARIAS HORAS EXTRA FERIA
4	9	Xefe de Servicio	1.431,051	140,411	214,781	1.787,081	1.431,051	27.122,567	
2-A	8	Oficial 1º (operario)	1.211,321	140,411	181,701	1.533,431	1.211,321	23.246,427	21,451
2-B	7	Oficial 2º (operario)	1.183,311	140,411	177,591	1.501,311	1.183,311	22.758,527	21,451
2-B	6	Oficial 2º Administrativo	1.158,381	140,411	173,851	1.473,241	1.158,381	22.374,787	21,451
2-B	5	Oficial 3º (operario)	934,571	140,411	140,201	1.215,281	934,571	18.322,057	
2-B	4	Auxiliar administrativo	872,361	140,411	130,851	1.143,621	872,361	17.242,837	19,391
2-B	3	Lector	872,361	140,411	130,851	1.143,621	872,361	17.242,837	19,391
1	2	Peón especialista	825,031	140,411	123,751	1.069,191	825,031	16.378,457	19,391
1	1	Peón	820,621	140,411	123,081	1.064,121	820,621	16.291,967	19,391
Artigo 6		Antigüidade Euros ao mes	1 bienio 10,221	2 bienios 20,441	2 bienios y 1 quinquenio 45,681	2 bienios y 2 quinquenios 72,121	2 bienios y 3 quinquenios 96,161	2 bienios y 4 quinquenios 120,201	
Artigo 9		Complemento de toxicidade	19,391	mensuals por mes efectivamente traballado					
Artigo 11		Quebrantamento de moeda	65,001	mensuals por mes efectivamente traballado					
Artigo 13		Quilometraje	0,271	kilómetro					
Artigo 13		Dieta	15,501	por cada dieta					
Artigo 14		Disponibilidade personal de rede	117,431	semanais					
Artigo 14		Disponibilidade de mantemento personal de equipos	117,431	semanais					
Artigo 14		Días non laborables	66,391	por día					
Artigo 15		Complemento de calidade	49,021	por mes					
Artigo 21		Fondo social	295,001	por traballador e ano					